

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 14 de maio de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

19.30312.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA Ó CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO Ó ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2021 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte. 2021016165)

Advertido un erro material de transcripción en relación ó acordo da Xunta de Goberno do día 9 de abril de 2021, punto núm. 25.30167, sobre a concesión dunha axuda ó Concello de Campo Lameiro ao abeiro das bases reguladoras do Plan Concellos 2021, no marco da Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, emito o seguinte informe:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 15/12/2020, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021*”, que recolle os procedementos de concesión de subvencións aos municipios da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, para financiar actuacións e investimentos que teñan encaixe nas diferentes Liñas do Plan. As propostas deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Ditas bases foron publicadas no BOPPO nº 1 de 04/01/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1 do 04/01/2021.

Segundo.- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 9 de abril de 2021, punto núm. 25.30167, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan Concellos 2021 correspondente á Liña 3: Emprego para Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2021/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



Terceiro.- No caso do *Concello de Campo Lameiro*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO				
LIÑA 3: importe asignado inicialmente		84.975,99 €		
LIÑA 3: importe máximo que se pode destinar (engadido o 30% da Liña 1):		165.479,56 €		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	3 peóns forestais e 1 albanel en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses e dúas semanas; 1 peón albanel e 1 animador/a sociocultural en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses e 1 semana; e 2 monitores/as deportivos - socorristas en xornada de 40 horas durante 2,5 meses	85.051,65 €	75,66 €	84.975,99 €

Cuarto.- A instancia do Concello, comprobouse a existencia dun erro material de transcripción no citado acordo de concesión, en canto a duración dos contratos de 3 peóns forestais en xornada de 35./h./sem. durante 9 meses. Concretamente, de acordo coa documentación presentada polo concello no momento da solicitude, debe corrixiarse o erro padecido no texto do acordo de concesión, de xeito que en lugar de “3 peóns forestais en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses e dúas semanas” debe dicir: “2 peóns forestais en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses e dúas semanas e 1 peón forestal en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses”.

Fundamentos xurídicos:

- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Conclusións:

Comprobouse que efectivamente se produciu un erro material na transcripción da solicitude do Concello de Campo Lameiro nos termos descritos anteriormente, polo que se estima pertinente corrixi-lo acordo para adaptalo á petición do Concello.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno do 09/04/2021, punto núm. 25.30167, no referente á axuda concedida ó *Concello de Campo Lameiro*, de maneira que onde di:

ANEXO			
<i>Concello</i>	<i>Nº traballadores</i>	<i>Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)</i>	<i>Importe a conceder</i>
<i>Campo Lameiro (P3600700C)</i>	9	<i>3 peóns forestais e 1 albanel en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses e dúas semanas; 1 peón albanel e 1 animador/a sociocultural en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses e 1 semana; e 2 monitores/as deportivos - socorristas en xornada de 40 horas durante 2,5 meses</i>	84.975,99 €

Debe dicir:

ANEXO			
<i>Concello</i>	<i>Nº traballadores</i>	<i>Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)</i>	<i>Importe a conceder</i>
<i>Campo Lameiro (P3600700C)</i>	9	<i>2 peóns forestais e 1 albanel en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses e dúas semanas; 1 peón forestal, 1 peón albanel e 1 animador/a sociocultural en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses e 1 semana; e 2 monitores/as deportivos - socorristas en xornada de 40 horas durante 2,5 meses</i>	84.975,99 €

O resto do texto permanecerá invariable.

Non obstante, o presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno do 9 de abril de 2021, punto núm. 25.30167, no referente á axuda concedida ó *Concello de Campo Lameiro*, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Campo Lameiro (P3600700C)	9	2 peóns forestais e 1 albanel en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses e dúas semanas; 1 peón forestal, 1 peón albanel e 1 animador/a sociocultural en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses e 1 semana; e 2 monitores/as deportivos - socorristas en xornada de 40 horas durante 2,5 meses	84.975,99 €

2. Darlle traslado do acordo ó *Concello de Campo Lameiro*, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

